



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

SELECCIÓN LABORAL TEMPORAL MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE DE SEIS (6) SOCORRISTAS PARA A PISCINA MUNICIPAL DESCUBERTA "O MUIÑO", ORDES (EXPDTE. 2023/E001/000006).

RECLAMACIÓNS, ORDE DE CLASIFICACIÓN DEFINITIVA, LISTA DE APROBADOS E PROPOSTA DE CONTRATACIÓN

En Ordes, a 13 de xuño de 2023, sendo as nove horas e trinta minutos réunese na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, 3º andar, Ordes, o Tribunal que ha de xulgar a **OPOSICIÓN LIBRE DE SEIS (6) SOCORRISTAS PARA A PISCINA MUNICIPAL DESCUBERTA "O MUIÑO", ORDES.**

Asisten:

- **Presidente:** María Mónica Iglesias Prego (Funcionaria de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional)

- **Vogais:**

Javier Siro Suárez Rodríguez (Funcionario de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional)

Juan Luis González Iglesias (Funcionario de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional)

Yolanda Cela Villaverde (Axente de emprego e desenvolvemento local)

- **Secretaria:** Pilar Rey Rodís (Funcionaria Escala Administración Xeral. Subescala Administrativa)

Pola Presidencia declárase constituído o Tribunal, procedéndose seguidamente de conformidade co establecido na Base Desenvolvemento do proceso selectivo, ao exame das reclamacións presentadas contra as puntuacións outorgadas ao primeiro exercicio (cuestionario de preguntas curtas tipo test).

Reclamación presentada por Walther Andrés Maldonado Martínez, con DNI nº ***3917**, con data 08/06/2023, rexistro de entrada nº 1972, que formula a alegación seguinte:

- Solicita a anulación das preguntas nº1 e nº 3 da proba escrita do proceso selectivo socorristas piscina municipal descuberta "O Muiño" realizada o día 6 de xuño de 2023 ás 10:00 horas no salón de plenos do concello de Ordes, xa que considera que as respostas dan lugar a dúbidas e que poderían ter múltiples respostas correctas, e polo tanto se teñan en conta as preguntas de reserva.

Analizada a alegación do aspirante, o Tribunal considera:

Segundo o manual recollido nas Bases da convocatoria, Primeiros Auxilios e Socorrismo Acuático: prevención e Intervención de González F.; Palaciós J.; Barcala R.y Oleagordia, A. (2008). Editorial Paraninfo, as preguntas están correctamente formuladas e como indica o test debe sinalarse a resposta máis correcta.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Concretamente:

Pregunta nº 1:

Non é un obxectivo dunha correcta entrada á auga por parte do Socorrista:

- a) Entrar á auga o máis preto posible do accidentado
- b) Permitir a seguridade do accidentado.
- c) Conseguir facelo no menor tempo posible.

Os obxectivos dunha correcta entrada a auga son seguindo estritamente o manual indicado :

- 1.- Facilitar a seguridade do socorrista acuático.
- 2.- Conseguir facelo no menor tempo posible.
- 3.- Permitir a seguridade do accidentado.
- 4.- Asegurar o control do rescate dende o comezo evitando ou dominando calquera imprevisto

Polo tribunal enténdese que os obxectivos sinalados nos apartados “b” y “c” son correctos. Respecto a “entrar á auga o máis preto posible do accidentado” non é correcta, dado que o obxectivo da entrada na auga é levar a cabo o auxilio no menor tempo posible e coa máxima seguridade, tanto para a persoa accidentada como para o socorrista.

Dado que nunha situación de emerxencia a persoa accidentada atoparase nunha situación de estrés o feito de que a entrada sexa o máis preto posible pode supoñer un risco ao poder poñer máis nervioso ao accidentado e incluso provocar un choque con el. A entrada na auga debe realizarse de xeito que se garanta en todo caso a seguridade do accidentado o que entendemos que non se consegue entrando o máis preto del.

Por outra banda a entrada na auga o máis preto posible do accidentado non garante que o rescate sexa máis rápido, poñamos por caso que a intervención teña lugar na outra esquina da piscina a entrada na auga o máis preto posible do accidentado levaría a que o socorrista tivese que correr antes de facer a entrada na auga.

Pregunta nº 3:

Una dos obxectivos da comunicación en salvamento e socorrismo é:

- a) Previr unha situación de risco.
- b) Aumentar o nivel de alerta dos usuarios.
- c) Mellorar o control entre os propios usuarios.

Os obxectivos da comunicación en salvamento e socorrismo acuático son seguindo estritamente o manual indicado:

- 1.- previr unha situación de risco.
- 2.- Informar aos usuarios.
- 3.-Alertar dunha emerxencia.
- 4.-Comprender mensaxes de socorro de vítimas ou de persoas que presencian un accidente.
- 5.-Comunicar e entender mensaxes en situacións de emerxencia, tanto con testemuñas como con outros socorristas e servizos médicos.

O tribunal estima que a única resposta correcta é a “A” (previr unha situación de risco).

Respecto ás outras dúas respostas:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

A comunicación non debe aumentar o nivel de alerta dos usuarios que están a gozar da práctica deportiva ou lúdica, entendendo que non é necesario previr a ninguén salvo que exista una emerxencia, pero nese caso sería alertalos da mesma (non aumentar o nivel de alerta).

Respecto ao mellorar o control entre os propios usuarios tampouco sería correcta pois o control sería "sobre" os usuarios e non "entre" eles.

Tendo en conta as respostas do Tribunal as alegacións formuladas, o tribunal acorda desestimar a reclamación presentada por Walther Andrés Maldonado Martínez, con DNI nº ***3917**, confirmando a valoración e cualificación outorgada á proba práctica deste proceso selectivo, polo que as puntuacións definitivas son as seguintes:

APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN
GOMEZ AREOSO, ABEL	***0173**	9,50
MARTINEZ SANCHEZ, ANTIA	***0268**	9,10
CASAL RAMOS, DANIEL	***1077**	8,90
REGUEIRO SANCHEZ, ALEJANDRO	***5615**	8,60
MUÑIZ PEREZ, ABEL	***5284**	8,10
LOPEZ RODRIGUEZ, DAVID	***0546**	8,00
MALDONADO MARTINEZ, WALTHER ANDRES	***3917**	7,70

Ao ter presentado todos os aspirantes certificación ou título que acredite o coñecemento do idioma galego, non proceda a realización do 2º exercicio, debendo procederse a continuación á determinación da orde de clasificación definitiva, lista de aprobados e proposta de contratación.

De conformidade co establecido na Base (Proposta de contratación e lista complementaria de reserva), o Tribunal declara aprobados coas puntuacións obtidas por orde de maior a menor puntuación as persoas aspirantes seguintes:

APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN
GOMEZ AREOSO, ABEL	***0173**	9,50
MARTINEZ SANCHEZ, ANTIA	***0268**	9,10
CASAL RAMOS, DANIEL	***1077**	8,90
REGUEIRO SANCHEZ, ALEJANDRO	***5615**	8,60
MUÑIZ PEREZ, ABEL	***5284**	8,10
LOPEZ RODRIGUEZ, DAVID	***0546**	8,00
MALDONADO MARTINEZ, WALTHER ANDRES	***3917**	7,70

O Tribunal elévase proposta de contratación dos aspirantes seguintes:

APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN
GOMEZ AREOSO, ABEL	***0173**	9,50
MARTINEZ SANCHEZ, ANTIA	***0268**	9,10
CASAL RAMOS, DANIEL	***1077**	8,90
REGUEIRO SANCHEZ, ALEJANDRO	***5615**	8,60



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

MUÑIZ PEREZ, ABEL	***5284**	8,10
LOPEZ RODRIGUEZ, DAVID	***0546**	8,00

Lista de reserva:

APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN
MALDONADO MARTINEZ, WALTHER ANDRES	***3917**	7,70

RECURSOS: Contra o acordo do Tribunal de Selección outorgando as puntuacións definitivas e lista de aprobados poderá interpoñerse ante o Sr. Alcalde-Presidente o recurso de alzada previsto nos arts. 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, no prazo dun mes contado desde o día seguinte a aquel en que teña lugar a publicación deste acordo. E non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por rematado o acto, dispoñendo a Presidencia que se redacte a presente acta. Sendo as once horas do día ao principio sinalado. Ordes, documento asinado na data da sinatura dixital.

E non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por rematado o acto, dispoñendo a Presidencia que se redacte a presente acta. Sendo as dez horas do día ao principio sinalado.

Ordes, na data da sinatura dixital

A Presidenta,
María Mónica Iglesias Prego

A secretaria,
Pilar Rey Rodís